NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - BRA		
Número expediente:	Documento:	
CON/43/2014	CONZI02G	
3F343Q0A3X3N726I0OMA		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "B" QUE CONTEN A DOCUMENTACIÓN COS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DA XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS DE PIÑEIROS, A SOLAINA E A GÁNDARA

Presidente: D. José M. Blanco Suárez. (Alcalde-Presidente)

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral)
D. Manuel G. Antón Villamil (Interventor Accidental)
Dna. Yolanda Martínez García (Xefa accidental do Servizo Sociocomunitario)
Secretario:

Ignacio Mazaira Garro (Xefe Sección Contratación)

De conformidade co establecido na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que non asistiu ningun representante dos candidatos participantes nesta licitación.

Sendo as 12 horas do día 11 de febreiro de 2015, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a apertura dos sobres "B" relativos aos criterios non avaliables de xeito automático das empresas admitidas á licitación.

Pola presidencia declárase aberta a reunión, procedéndose a tratar os asuntos da orde do día:

- Dar conta da documentación administrativa
- Apertura do sobre "B": Documentación técnica

Antes de proceder á apertura dos sobres da documentación técnica, o secretario da mesa procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das administración públicas, dándose a coñecer que unha vez abertos os sobres "A", que contiñan a declaración responsable conforme cumpren coas condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, todas as empresas licitadoras a

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

presentaron correctamente, polo que foron admitidas sen exclusións, continuando no procedemento de licitación.

Para os efectos do disposto no artigo 27 do Real Decreto Lei 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, procédese, pola Presidencia, á apertura dos sobres "B" da Documentación Técnica presentados polas empresas:

FESAN
LAS PALMAS SL

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, e unha vez redactado, esta Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do devandito Real Decreto Lei 817/2009 .

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 11.50 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es